

12 Memoria económica

Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-2013

As Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13 (dispoñibles en http://www.udc.es/sobreUDC/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/planificacion_economica/documentos/orzamentos.html) aprobadas polo Claustro da UDC “estrutúranse nos seguintes apartados:

- Contexto orzamentario.
- Estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas.
- Plano xeral de investimentos.

- Previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.”

Neste documento prevíase unha redución sostida do orzamento da UDC no trienio da programación, mesmo baixo a hipótese de recuperación do financiamento público, malia a aplicación de significativos fondos propios e recursos extraordinarios. En consecuencia, o obxectivo de manter o número de efectivos de persoal implicaría importantes recortes en gasto corrente e, sobre todo, en investimentos.

Orzamento e POA do exercicio 2011

O Plano Operativo Anual e o Orzamento do exercicio 2011 desenvolven as Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13 (pódense consultar na mesma páxina web da vicerreitoría).

Segundo se recolle no propio POA 2011:

O Plano Operativo Anual 2011 desenvolve o anterior documento, unha vez concretada a asignación da Xunta de Galicia, e acompaña o Orzamento, explicando as actuacións nel programadas.

O documento consta de tres epígrafes. O primeiro concreta as previsións orzamentarias contidas para o próximo exercicio nas liñas xerais da programación plurianual 2011-2013. O segundo recolle algunhas conclusións xerais da revisión dos Indicadores do Plano Estratéxico do ano 2009. O último informa sobre a dotación económica de actuacións relevantes nas áreas de Docencia, de I+D+i e de Relacións coa Sociedade.

Canto ao Orzamento 2011:

Nominalmente, o orzamento sitúase en 129,6 millóns de euros, aínda que eliminando o efecto de cambios en criterios contables baixaría aos 128,2 millóns, o cal supón unha caída real

do 7% (9,5 millóns de euros) respecto do presente ano [2010].


A súa evolución, por capítulos, resúmese no seguinte cadro:

INGRESOS	2010	%	2011	%	10/11
Capítulo III: Taxas, prezos e outros	18.395.094,53	13,4%	15.229.554,51	11,7%	-17,2%
Capítulo IV: Transferencias correntes	86.572.805,85	62,9%	84.957.781,60	65,5%	-1,9%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	865.000,00	0,6%	990.000,00	0,8%	14,5%
Capítulo VII: Transferencias de capital	16.038.869,77	13,8%	16.966.275,17	13,1%	-10,9%
Capítulo VIII: Activos financeiros	12.800.000,00	9,3%	6.800.000,00	5,2%	-46,9%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	0,00	0,0%	4.678.403,11	3,6%	–
Total orzamento de ingresos	137.671.770,15	100,0%	129.622.014,39	100,0%	-5,8%
GASTOS	2010	%	2011	%	10/11
Capítulo I: Gastos de persoal	92.736.788,60	67,4%	88.608.538,83	68,4%	-4,5%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	19.460.978,99	14,1%	17.905.694,07	13,8%	-8,0%
Capítulo III: Gastos financeiros	32.500,00	0,0%	32.500,00	0,0%	0,0%
Capítulo IV: Transferencias correntes	3.931.809,36	2,9%	3.787.490,06	2,9%	-3,7%
Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000,00	0,2%	250.000,00	0,2%	0,0%
Capítulo VI: Investimentos reais	20.662.136,84	15,0%	18.396.500,22	14,2%	-11,0%
Capítulo VII: Transferencias de capital	1.270,00	0,0%	1.270,00	0,0%	0,0%
Capítulo VIII: Activos financeiros	119.500,00	0,1%	80.500,00	0,1%	-32,6%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	476.786,36	0,3%	559.521,21	0,4%	17,4%
Total orzamento de gastos	137.671.770,15	100,0%	129.622.014,39	100,0%	-5,8%

Cadro 197 Evolución do orzamento por capítulos

Graficamente vese con claridade a consumación do cambio de tendencia do orzamento global, cunha

significativa caída en 2011 tras a conxelación do ano 2010:




Cadro 198 **Evolución do orzamento da UDC**

Respecto dos ingresos, no documento destácase o seguinte:

A redución do financiamento público acumula un 8,3% sobre o recibido en 2009. Segue a recorrerse aos fondos propios xerados (6,8 millóns), aínda que a súa redución respecto do pasado ano mostra que a marxe de manobra é cada vez menor. Ademais, prevense fontes ex-

traordinarias de ingresos duns 10 millóns para o próximo bienio, dos cales aplícase só a metade no próximo exercicio, mantendo a política de planificación económica sustentable.

A composición porcentual dos ingresos permite constatar a devandita substitución de fondos propios por fondos extraordinarios:



Cadro 199 Composición dos ingresos


Polo que respecta aos gastos, este é o resumo:

En materia de gasto, redúcese un 5% o de persoal e un 8% o gasto corrente en bens e servizos.

Os investimentos en obras e equipamentos caen un 16%, limitándose a proxectos en marcha ou de magnitude moderada inaprazables. Reciben un trato privilexiado, con recortes

pouco significativos, os programas propios de investigación, os fondos descentralizados, e as bolsas a estudantes.

O dato anterior fai que, a pesar da súa rebaixa, os gastos de persoal incrementen a súa participación no orzamento, como consecuencia da redución aínda maior do gasto corrente e dos investimentos:



Cadro 200 Composición dos gastos

A memoria do orzamento 2011 conclúe coa súa valoración:

En definitiva, o orzamento da UDC para 2011 sitúase nos niveis do ano 2008, e estaría preto dos niveis de 2007 se non se tivesen aplicado recursos propios e recursos extraordinarios (reembolsables) por valor de 11,5 millóns. A planificación económica e o rigor orzamentario veñen permitindo aliviar os efectos dun contexto financeiro extremadamente desfavorable; pero non debe esquecerse que os axustes esixidos fixeron adiar importantes obxectivos

de converxencia en recursos humanos e infra-estruturas establecidos no Plano Estratéxico. A acumulación de circunstancias desfavorables non debe levar a asumir como normais as solucións de natureza excepcional. Unha universidade pública de calidade require duns equipamentos e un financiamento suficientes, e a UDC ten demostrado a súa capacidade para utilizar os seus recursos coa máxima eficiencia. Os obxectivos de suficiencia, eficiencia e equilibrio no financiamento do SUG seguen a ser irrenunciabes.

Liquidación do orzamento do exercicio 2010

A liquidación do orzamento do exercicio 2010 (http://www.udc.es/export/sites/udc/_galeria_down/sobreUDC/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/documentos/Liquidacion_exercicio_2010.pdf) foi apro-

bada polo Consello de Goberno, auditada e aprobada polo Consello Social.


A execución orzamentaria por capítulos foi a seguinte:

Capítulo	Orzamento	Liquidación
III: Taxas, prezos e outros	18.395.094,53	17.190.029,45
IV: Transferencias correntes	86.572.805,85	85.997.261,82
V: Ingresos patrimoniais	865.000,00	1.087.354,88
VII: Transferencias de capital	19.038.869,77	27.91.158,42
VIII: Activos financeiros	12.800.000,00	149.745,69
IX: Pasivos financeiros	0,00	103.504,0
Total ingresos	137.671.770,15	132.469.054,26
I: Gastos de persoal	92.736.788,60	87.345.083,20
II: Bens correntes e servizos	19.460.978,99	17.759.893,41
III: Gastos financeiros	32.500,00	30.271,66
IV: Transferencias correntes	3.931.809,36	4.326812,9
V: Fondo de continxencia	250.000,00	0,00
VI: Investimentos reais	20.662.136,84	34.323.519,45
VII: Transferencias de capital	1.270,00	1.202,02
VIII: Activos financeiros	119.500,00	230.500,00
IX: Pasivos financeiros	476.786,36	535.153,18
Total gastos	137.671.770,15	144.552.435,71

Cadro 201 Orzamento e liquidación do exercicio de 2010

O cambio de signo do resultado orzamentario significa que parte dos gastos do exercicio estanse a financiar coas economías xeradas en exercicios anteriores,


coa conseguinte redución dos fondos propios, aínda que continúan a ser positivos:



Cadro 202 **Saldo orzamentario/
orzamento e remanente non afectado/
orzamento**


Cos fondos propios dispoñibles ao peche de 2010, dotáronse provisións para anulacións de anticipos. O

remanente libre dispoñible resultante utilizouse como financiamento adicional para o exercicio en curso:



Finalmente, no exercicio 2010 mantívose a xestión de pagamentos óptima. O ano finalizou con tan só un 0,77% dos pagos pendentes, correspondentes funda-

mentalmente (en máis dun 90%) aos pagos da Seguridade Social de decembro, que se abona a exercicio vencido:




Indicadores do Plan Estratéxico

Extracto do POA do ano en curso:

Os indicadores do Plan Estratéxico para o ano 2010 (dispoñibles na dirección http://www.udc.es/sobreUDC/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/planificacion_economica/planificacion_estrategica/) teñen un cumprimento alto nun 68%; parcial, nun 14%; e baixo nun 18%. Os devanditos datos pódense considerar satisfactorios tendo en conta o contexto económico no que nos atopamos. A súa análise destes resultados contribúe a orientar o orzamento:

- *Cualitativamente, cómpre salientar o nivel de éxito no apartado de docencia (o 80% dos indicadores teñen un comportamento alto), o que manifesta a fortaleza da Universidade da Coruña nesta área, fortaleza que foi infravalorada no Plan de Financiamento.*
- *No apartado negativo atopamos os indicadores da área de Infraestruturas, circunstancia xa advertida na programación económica, na que se advertía a necesidade de adiar investimentos polo cambio de contexto económico e na que existe corresponsabilidade doutras administracións.*



Cadro 205 **Indicadores do Plan Estratéxico**

Plan de Financiamento do SUG 2011-2015

En 2011 fixéronse os novos criterios de reparto do financiamento estrutural do Plan de Financiamento 2011-15, co voto en contra da UDC. Estes documentos pódense

atopar en http://www.udc.es/sobreUDC/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/planificacion_economica/documentos/financiamento1115.html.